

O GALEGO DE 1936 A 1975: CARACTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS FUNDAMENTAIS. CONTEXTO HISTÓRICO E SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA


Nesta etapa, que se corresponde coa **ditadura franquista**, as **características lingüísticas fundamentais** son, no esencial, as mesmas do galego actual. Non obstante, a crecente presión castelanizadora fixo que, a partir da metade do século, se estendesen cada vez máis as interferencias do castelán nos diferentes ámbitos da lingua, especialmente no léxico. No seu **proceso de estandarización**, o galego atópase na fase de protoestándar, na que comezan a definirse solucións coincidentes co estándar actual (plurais en -ns e en -is: *mazáns*, *animais*); tamén se simplifican os signos ortográficos (eliminación de apóstrofes, guións, acentos circunflexos...) e se intensifica a depuración de castelanismos e vulgarismos. En canto á normativización, podemos mencionar a *Gramática elemental del gallego común* (1966), de R. Carvalho Calero, e o *Diccionario Enciclopédico gallego-castellano* (1961), de Eladio Rodríguez López.

En canto ao **contexto histórico**, nesta longa etapa de corenta anos de ditadura, adóitanse sinalar dous períodos na historia da lingua:

1. 1936-1950 : a represión da lingua e o silencio literario

A etapa normalizadora que se iniciara coa fundación das Irmandades da Fala vese interrompida violentamente en xullo de 1936, cando, coa rebelión militar, Galiza fica controlada polas tropas franquistas. O silencio súpeto das imprentas (desaparece a revista *Nós*, as editoriais deixan de imprimir libros en galego, os arquivos do SEG son expoliados...) e a morte ou o exilio de moitos homes vinculados á cultura galega serán os símbolos tráxicos do comezo dun novo tempo para a nosa lingua e cultura. As mudanzas políticas traerán as seguintes consecuencias sociolingüísticas: **o galego perde prestixio social e fica prohibido**¹. O novo réxime de corte nacionalista español exclúinte, defensor da uniformización lingüística e cultural de España, terá como lingua única o castelán; as outras linguas son degradadas á categoría de “dialectos” e empregalas será visto como un acto antipatriótico². Desaparecidas todas as institucións galeguistas, **o silencio literario** será case absoluto nestes primeiros anos da ditadura.

Mentres Galiza enmudece baixo a opresión franquista, **os galeguistas no exilio**, instalados nos núcleos máis importantes da nosa emigración (Brasil, Uruguai, Venezuela, Estados Unidos, Cuba e, nomeadamente, México e Arxentina³), serán os que mobilicen a defensa da cultura galega e tamén a loita pola liberdade. Os usos culturais e institucionais, que aquí lle son negados ao galego, continuarán en pé na América, grazas ao labor levado a cabo polos exiliados: creación de institucións (o Instituto Arxentino da Cultura Galega é un exemplo), edición de libros en galego, publicación de revistas (*Galicia Emigrante*, *Vieiros*...), teatro en galego, cursos da nosa lingua, emisións de radio, etc.



2. 1950 – 1975: a lenta e progresiva recuperación da lingua

Adóitase empregar **o ano 1950** como marco cronolóxico dun novo período, pois danse nese ano dous feitos relevantes, de significado moi diferente: a morte de Castelao en Buenos Aires, o maior representante do exilio galego, e a creación da editorial Galaxia en Vigo. A partir de entón ábrese un período de recuperación do uso cultural do galego, que desembocará na recuperación da democracia a partir de 1975. Vexamos algunhas mostras desta **paulatina recuperación cara á normalización da lingua**.

- **Nos anos 50**, coa **editorial Galaxia (1950)**, nace o chamado **culturalismo**, dirixido por Ramón Piñeiro, que centrará os seus esforzos na acción cultural, deixando a vía política á marxe. Preténdese empregar o galego en todos os xéneros e temáticas e, con este fin, créanse a **Revista de Economía de**

¹ É importante precisar que, aínda que non houbo textos legais que prohibisen o uso xeral das outras linguas do Estado, si houbo **prohibicións explícitas parciais**; por exemplo, os nomes de persoa e dos locais comerciais deberían ser, por imposición legal, en castelán.

² Segundo o *Catecismo Patriótico Español*, a lingua castelá, posto que fora colocada, xunto con España, “providencialmente por Dios en el centro del mundo, será la lengua de la civilización del futuro, porque el inglés y el francés son lenguas tan gastadas, que van camino de una disolución completa”.

³ Buenos Aires, con máis de 400.000 galegos, é o foco galeguista máis importante e convértese na capital espiritual de Galiza.

Galicia, Atlántida (de arte) e **Grial** (de pensamento), e iníciase a colección **Illa Nova**. Aparecen tamén **Edicións Monterrei** e **Xistral**.

Porén, esta incipiente actividade normalizadora será axiña reprimida polo réxime franquista mediante a **censura**, como mostra a prohibición da publicación da revista *Grial*, no 1952. Esta persecución será denunciada polo Centro Galego de Buenos Aires, que, en nome dos seus cen mil socios, presenta unha **Denuncia diante da UNESCO da persecución do idioma galego pol-o Estado Hespáñol** (1954)⁴.

• **Nos anos 60** dáse un certo aperturismo no réxime, propiciado polo novo contexto político mundial, que se vai reflectir nunha serie de feitos e actividades normalizadoras:

- **Nacen as primeiras asociaciacións culturais**, que van adoptar posicionamentos activos perante o conflito lingüístico, divulgando a nosa cultura, o teatro, organizando os primeiros cursos de galego, etc. O colectivo Brais Pinto (Madrid, 1958), Mocidade Galega de Barcelona (1960), O Galo (Santiago, 1961) e O Facho (A Coruña, 1963) son as primeiras; logo virán moitas máis.

- No 1963, nace **Edicións do Castro**, e o aperturismo gubernamental permite a celebración, por parte da RAG, do **centenario de Cantares Gallegos** de R. de Castro, e suspende a prohibición que pesaba sobre *Grial*.

- **Aparecen, clandestinamente, os primeiros partidos galeguistas** (UPG, 1964; PSG, 1965) e con eles, a reivindicación da normalización lingüística.

- Na Universidade de Santiago créase a **Cátedra de Lingua e Literatura Galegas** (1965; o seu primeiro catedrático foi Ricardo Carvalho Calero) e entre a mocidade universitaria aparece o movemento musical **Nova Canción Galega** (1967- 1974), que vai popularizar a poesía galega ao unila coa música.

• **Nos anos 70**, xa no final da ditadura, aumentan as mostras de normalización:

- Fúndase na Universidade de Santiago o centro investigador **Instituto da Lingua Galega** (1971).

- Reivindícase a **recuperación da nosa toponimia** e comezan a aparecer corrixidos os topónimos nos indicadores das estradas. As **pancartas e os comunicados dos partidos** escríbense en galego.

- Comezan as **emisións de radio en galego** e, xa no 1974, TVE emite o seu **primeiro programa televisivo** na lingua do país: “Panorama de Galicia”, media hora ao día.

- No mundo do ensino, moi reivindicativo no tema da lingua, preséntanse diversos manifestos que reclaman **“o ensino en galego en tódolos niveis”**.

Coa morte do ditador (novembro do 75) e a posterior chegada da democracia, un novo marco legal permitirlle á lingua galega conquistar a oficialidade e os usos sociais que lle foran negados tanto tempo.

Situación sociolingüística (1936- 1975)

Resulta evidente que durante o franquismo o galego sufriu un **forte retroceso** na súa situación sociolingüística, tanto na súa consideración social (consolidáanse moitos dos **prexuízos e estereotipos lingüísticos** que aínda hoxe actúan sobre o galego) como no espazo funcional: **retrocede na función cultural e non acada os usos institucionais** que parecían inminentes co primeiro Estatuto de Autonomía (Ensino e Administración).

Así pois, o galego continúa convivindo en **diglosia co castelán** e sofre tamén un aumento importante na perda de falantes, xa que a sociedade se desgaleguiza a un ritmo máis acelerado ca no primeiro terzo do século. Como principais **axentes castelanizadores** podemos sinalar:

a) Factores socio-económicos como a **emigración** (a América, Europa e ás zonas máis ricas do Estado) ou o traslado da poboación **do mundo rural ao urbano**; estes cambios de hábitat provocarán, en moitos galegos, o abandono da súa lingua materna.

b) **As institucións todas do Estado** (concellos, deputacións, xustiza, etc.), que seguen empregando exclusivamente a lingua oficial nas súas relacións cos cidadáns. **O ensino** será o mellor exemplo, non só de castelanización, senón tamén de aprendizaxe do auto-desprezo.

c) **A Igrexa**, que se nega a utilizar o galego na liturxia, a pesar de que o Concilio Vaticano II (1963) aproba a introdución das linguas vernáculos, fronte ao latín empregado ata entón.

d) **Os medios de comunicación: a prensa** –que só no final da ditadura comezará a empregar esporadicamente o galego-, e con moita máis forza **a radio** e a **televisión**, serán canles imparables de expansión do castelán e estarán controladas ideoloxicamente polo réxime.

⁴ Tamén en Galiza haberá comportamentos que ousan romper as normas implícitas da represión: Otero Pedrayo, por exemplo, en 1949, nun acto sobre Lamas Carvajal, se atreveu a pronunciar o seu discurso en galego perante as autoridades franquistas. Estes comezaron a cantar o “Cara al sol” (momento durante o cal Pedrayo calou) e, cando remataron, continuou co seu discurso, en galego.